



**CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SERVICIO PÚBLICO DE  
SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR**

Casa do Concello de SILLEDA, a 9 de Setembro de 2014.

**COMPARECEN**

**Dunha parte, Manuel Cuiña Fernandez**, Alcalde do Concello de SILLEDA, asistido polo Secretario, Manuel Quintans Queiruga, que dá fe do acto.

**Doutra parte, Lucía Pedroso Suarez**, DNI nº 77006624-W, actuando en nome e representación da empresa PEDROSA Y ROJAS S.L. (SALUVI), con domicilio en C/Rúa dos Ferreiros, nº 28, 6ª Planta. 36002. PONTEVEDRA.

**INTERVEÑEN**

Os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade legal necesaria para outorgar o presente contrato administrativo da actuación: **"SERVICIO PÚBLICO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)"**.

**ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS**


Na Xunta de Goberno do Xunta de Goberno Local celebrada o día 19 de Setembro de 2014, adoptouse o acordo que se transcribe:

**- ADXUDICACION DO CONTRATO DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR.**

*Antecedentes*

Contrato Administrativo do "SERVICIO PÚBLICO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)".

1



**Primeiro.-** A XGL, na sesión que tivo lugar o día 8 de Xullo do 2014, aprobou o prego de cláusulas administrativas e o prego de prescricións técnicas particulares que rexeran a contratación do servizo de axuda no fogar (SAF), mediante procedemento aberto, por trámite de urxencia, polo prazo de UN ANO, convocando a licitación do mesmo,

**Segundo.-** Publicado Edicto no BOP nº 143, de 28 de Xullo, e no Perfil do Contratante, se presentaron as empresas seguintes:

1. PEDROSA Y ROJAS S.L. (SALUVI)
2. SERVICIOS SOCIAIS A COMUNIDADE (SSAC S.L.)
3. SERVICIOS INFANCIA E TERCEIRA IDADE (SERINTER)

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación, logo de dúas reunións celebradas o día 14 e 19, para a apertura de plicas e a cualificación das mesas, considerou válidas as 3 plicas e elevou a Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ADXUDICACION DO SERVIZO

A. Tendo en conta as ofertas económicas:

EMPRESA	PREZO/HORA Ordinario na modalidade de prestación básica e dependencia	PREZO/HORA Extrordinario na modalidade de prestación básica e dependencia
PEDROSA Y ROJAS S.L. (SALUVI)	11,50 €/HORA	13,50
SERVICIOS SOCIAIS A COMUNIDADE (SSAC S.L.)	11,18 €/HORA	13,70
SERVICIOS INFANCIA E TERCEIRA IDADE (SERINTER)	11,70 €/HORA	13,70

B. Seguidamente se analizaron as ofertas de carácter complementario de acordo co Prego: *Fisioterapia, Podoloxía, Axudas Técnicas e Transporte adaptado.*

Logo do debate e intercambio de pareceres entre os membros da Mesa, por unanimidade, se efectúa a valoración, de acordo co baremo establecido no Prego, que segue:

EMPRESA	VALORAC. ECONO- MICA	VALORAC. COMPLE- MENTARIA Fisioterapia	VALORAC COMPLE- MENTARIA Podoloxía	VALORAC. COMPLE- MENTARIA Axudas Técnicas	VALORAC. COMPLE- MENTARIA Transporte adaptado	TOTAL

Contrato Administrativo do "SERVICIO PÚBLICO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)".

2



PEDROSA Y ROJAS S.L. (SALUVI)	39	25	12	4	4	84
SERVICIOS SOCIAIS A COMUNIDADE (SSAC S.L.)	55	0	0	3	0	58
SERVICIOS INFANCIA E TERCEIRA IDADE (SERINTER)	29	25	12	4	4	74

**Cuarto.-** Á vista do exposto a Mesa de Contratación formulou a Xunta de Goberno Local a proposta de adxudicar o servizo de axuda no fogar a empresa **PEDROSA Y ROJAS S.L. (SALUVI)**, de acordo coa súa oferta económica e complementaria, que forma parte do expediente, resultando ser a empresa con maior puntuación (84 puntos).

**Visto** canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

### RESOLVE

**Primeiro.-** Adxudicar o contrato de **SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR** a empresa **PEDROSA Y ROJAS S.L. (SALUVI)**, de acordo coa súa oferta económica e complementaria, polo prazo de UN ANO.

<b>SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR</b> <b>PEDROSA Y ROJAS S.L. (SALUVI)</b>	<b>Prezo adxudicación : 11,50 €/HORA</b> (Ordinario na modalidade de prestación básica e dependencia) Prezo extraordinario na modalidade de prestación básica e dependencia: 13,50 €/Hora. E coas melloras que constan na súa oferta.
---	---

O prezo de adxudicación é de **11,50 €/HORA**, IVE incluído, na modalidade de prestación básica e dependencia e 13,50 €/hora o prezo extraordinario segundo o previsto no Prego-tipo

Contrato Administrativo do "SERVICIO PÚBLICO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)".


de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentada.

**Segundo.-** Requirir ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto €) o art. 140 LCSP.

**Terceiro.-** Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

Tendo en conta o exposto, os comparecentes,

## OUTORGAN



**Primeiro.-** O presente contrato ten por obxecto a execución da actuación denominada. “**SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR**”, que se define no expediente administrativo tramitado e na oferta da adxudicataria, e co prezo anteriormente reflectido no acordo de adxudicación da XGL.

**Prezo adxudicación : 11,50 €/HORA**

*(Ordinario na modalidade de prestación básica e dependencia)*

*Prezo extraordinario na modalidade de prestación básica e dependencia: 13,50 €/Hora. E coas melloras que constan na súa oferta.*

**Segundo.-** Forman parte integrante do contrato os seguintes documentos:

- o prego de cláusulas administrativas e particulares da licitación
- o proxecto definido da actuación polo contratista
- o presente documento administrativo de formalización
- a oferta presentada polo adxudicatario

**Terceiro.-** O Concello comprométese ao aboamento do prezo do contrato contra a aprobación das correspondentes certificacións da obra executada polo órgano administrativo competente, previa a presentación e aprobación da correspondente factura, nos prazos establecidos pola disposición transitoria 8ª da LCSP.

O aboamento do importe das certificacións expedidas ten a natureza de pago a conta do prezo total do contrato, sen prexuízo das variacións que se produzan na medición final e sen, en ningún caso, supoñan a recepción da obra.



**Cuarto.-** O contratista, PEDROSA Y ROJAS S.L. (SALUVI), executará os traballos obxecto do contrato, de conformidade coa súa oferta.

**Quinto.-** Para o non previsto neste contrato e na restante documentación contractual estarase ao establecido no Texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, BOE 16 -11.e no Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas no que lle resulte aplicable. Supletoriamente, atenderase ao disposto nas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.

E para que conste, asinan este contrato por triplo exemplar no lugar e data sinalados no encabezamento.

O Alcalde,

Asdo. Manuel Cuiña Fernandez.

O contratista,

Asdo. Lucía Pedroso Suarez,  
PEDROSA Y ROJAS S.L

O secretario,

Asdo. Manuel Quintans Queiruga.

NOTA ACLARATORIA : COTIZADOS EN SERVICIO  
EL 22/09/2014